

BREVE MEMORIA DAS PASADAS EDICIÓNS DO CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

HISTORIA:

Este Certame inicia a súa andaina ala polo ano 1.995, promovido e organizado polo C.C.A.R.V., xunto coa Asociación Cultural “O Facho” de A Coruña (que posteriormente dende a 2ª Edición, deixou o proxecto), para tratar de revitalizala antiga tradición da Regueifa – Canto ao desafío- Brindis-Loia-Enchoiada-Parrafeo, etc que unha manifestación de carácter oral, moi extendida en tempos por diversos puntos de Galicia que hoxe en día dificilmente subsiste na Comarca de Bergantiños (**Regueifeiros**), na raia con Portugal – Ourense – (**Cantores ao desafío**) e o Caurel (**Brindeiros**).

Basicamente consiste nuns desafíos orais, improvisados en verso que se practican entre dous ou varios contendentes en tempos de xeito espontáneo, ou en festas, vodas ou bautizos e que hoxe en día se reducen a encontros esporádicos en actos festivos.

Normalmente non levan acompañamento musical, aínda que os cantores ao desafío utilizan a concertina para marcar o ritmo e aínda que habitualmente forman parte da Regueifa dúas ou máis persoas, os Brindeiros son capaces de construír o verso en solitario. O desafío adoitaba acabarse por esgotamento, porque os contendentes se quentaban e pasaban de palabras a mans (cousa que lle granxeou unha auréola de violenta e tabernaria que contribuíu decisivamente a súa práctica extinción), ou por superioridade dialéctica e de inxenio dun contendente sobre o outro.

1ª EDICIÓN

Na 1ª Edición celebrada en Valladares (Vigo) e Coruña organizase a xeito de concurso de tal xeito que, por ignorancia, metemos nun mesmo saco a Regueifeiros e Brindeiros, co conseguinte cabreo destes, dado que o seu estilo é moi diferente das de Bergantiños, en todo caso o gañador resultou ser Calviño de Tallo.

2ª EDICIÓN

Despois do erro do 1º ano, decidiuse deixar de lado o concurso e realizar unha mostra non competitiva que tamén tivo lugar en Vigo e Coruña na que foron convidados, aparte dos Regueifeiros Galegos, uns dos mellores Cantores ao Desafío que existen en Portugal (onde a tradición se mantén cun vigor impresionante). Delfín e Marinho que practican un canto moi melódico e musical acompañado co ritmo dunha concertina.

3ª EDICIÓN

A 3ª edición aínda mantendo o espírito inicial de recuperación de tradición supuso un cambio de enfoque radical, pois para entón xa descubrimos a internacionalidade desta manifestación (América Latina, Arxentina, Brasil, Cuba, Colombia, México, Venezuela, Puerto Rico,...; Europa (España (Euskadi, Andalucía, Canarias, Murcia, Baleares,...) Italia, Yugoslavia,...; África) a súa conexión con outros de tradición de carácter popular (Entroido, Maios,...) e non tanto (Hip-Hop) e as posibilidades de aplicación as novas tecnoloxías (Chat en Internet). Decidindo así mesmo que si a hora de inicialo traballo c@s nov@s Regueifeiros que foron aparecendo (os menos) e que fomos buscando (os máis) na nosa andaina, para o cal organizamos unha charla cun Repentista Cubano e a raíz dixo plantexáronse encontros periódicos (de adestramento) entre novos Regueifeiros que serán os que pouco a pouco tomen o camiño a seguir.

Co cal nesta edición xa centradas as actividades na oralidade, o desafío, a improvisación, a rima e o inxenio puidemos disfrutar de:

a) Taller de Poesía Oral Improvisada:

Impartido por Alexis Díaz Pimienta, que é un Repentista (Improvisador) e estudoso do Repentismo e do fenómeno da Improvisación Oral en toda América Latina, especialmente da Decima Cubana, ademais de ser narrador / poeta (con varios libros publicados), sendo ademais membro da Unión Musical de Escritores e Artistas de Cuba e Medalla da Cultura Cubana no ano 96, polo conxunto da súa obra artístico literaria.

b) Taller didáctico para escolares:

Este mesmo profesor que imparte en Andalucía (concretamente nas Alpujarras Almerienses) un curso homologado pola Consejería de Educación da Junta de Andalucía, sobre a Literatura Oral Improvisada a nenos da E.S.O. prestouse a facer unha demostración didáctica coa participación activa dos alumnos dos colexios Públicos da Igrexa e Sobreira – Valladares que o pasaron fenomenal xogando coas palabras e coas Rimas, cousa que é difícil que poida ocorrer nunha clase de lingua /literatura normal.

c) Chat específico de desafío oral / escrito improvisado a través de Internet

Se decimos que esta experiencia foi un éxito, mentiríamos e de feito temos que dicir que foi un rotundo fracaso, xa que só participaron 3 persoas, pero pese a isto quizáis fose a idea con maior potencial de tódalas plantexadas, sendo a 1ª vez que se puxo en marcha en todo o mundo e despertando grande interese entre tódolos participantes desta disciplina, polas posibilidades que ofrece de entablar un desafío con calquera lugar do globo terráqueo, caseque en tempo real, polo que na vindeira edición posiblemente sexa unha das atraccións.

d) Mostra de Regueifeiros:

Tivemos con nós unha representación dos Repentistas cubanos que improvisan en Decimas, por medio de Alexis Díaz Pimienta, do cal xa falamos anteriormente e que finalizou a súa actuación cunha “seguidilla” que nos deixou a tódolos espectadores coa boca aberta pola rapidez e axilidade mental que demostrou.

Tamén estivos con nós un dos mellores Troveros da Alpujarra Almeriense apodado “Sevilla” que nos deleitou con seus versos improvisados en quintillas.

E como non podía ser menos volveron a estar con nós un ano máis no Auditorio do Caixavigo os inefables Regueifeiros da Comarca de Bergantiños: Sr. Costa e Calviño que deron unha vez máis mostras do seu arte, sendo sen dúbida algunha o momento cume do Festival o momento en que cubanos, andaluces e galegos, subidos todos enriba do escenario mantiveron un duelo incrivelmente divertido, falando cada un no seu idioma.

e) Contacontos:

Creo que foi unha das sorpresas do Certame, xa que o peculiar estilo que ten Quico Cadaval a hora de contar os contos, fixo que moita xente coñecera por primeira vez o significado que ten a palabra que encabeza este título.

f) Encontro de Músicos Improvisadores:

Tamén se fixo, diría eu por 1ª vez en Galicia un chamamento aberto tanto a músicos de tódolos estilos e tendencias como a bailaríns para participar nunha experiencia de música improvisada sobre bases de música tradicional que resultou bastante ben, aínda que se cometeron algúns erros debida a escasa preparación coa que contamos para sacar adiante esta convocatoria.

g) Hip-hop (Estilo libre)

O meu entender este estilo de música moderna (na súa versión en estilo libre), nacido nos barrios negros das grandes cidades norteamericanas é o máximo expoñente da Regueifa Contemporánea, aínda que eles (os seus practicantes) non sexan conscientes diso, xa que auna inxenio, musicalidade e o ritmo vigoroso que demanda a sociedade na que vivimos.

Nesta convocatoria que se abriu ós practicantes deste estilo participaron con gran entusiasmo rapeiros provintes dos máis diversos puntos de Galicia, que aínda que non están moi duchos nesta disciplina variante de hip-hop aportaron dosis inxentes de entusiasmo.

Poderíamos incluír dentro deste estilo, aínda que esta a cabalo tamén da Regueifa Tradicional a Pinto D'Herbón o novo valor dos Cantos ó Desafío Galegos que debutou este ano nada máis e nada menos que cun duelo co Sr. Costa, do cal non saíu mal parado.

4ª EDICIÓN:

Unha vez que na edición pasada se sentaron as bases do que sería “ideal” poder programar dentro do Certame Internacional de Regueifas, faise difícil afondar un tempo no que sería a Mostra Internacional e o que serían as actividades paralelas, dada a escaseza de recursos que manexamos e o elevado custo que supón trasladar a Cantores do Sur da Península, de Canarias ou Latinoamérica, de aí que nos viramos obrigados a apostar decididamente pola consolidación da Mostro no plano Internacional traendo a Galicia por 1ª vez ós mellores Troveros Murcianos e Alpujarreños, ademais do xa coñecido Cantor ao Desfío Portugués, Marinho desta volta acompañado de Mª Celeste. Salientar aparte disto que tamén por 1ª vez subimos enriba dun escenario ó grupo de Novos Regueifeiros (Pinto d'Herbón, Xurxo Souto e Luis “O Caruncho”) co fin de enfrontalos ós xa veteranos Calviño de Tallo e o Sr. Costa de Xabiña, sendo algo memorable.

Pola súa transcendencia, debemos mencionar que nos pagamos do noso peto (Domingo Blanco e eu, Carlos Alonso) en representación da Asociación O.R.A.L. DE Galicia e do Centro Cultural A.R. Valladares, unha viaxe a Canarias co fin de estar representados no VI Encontro Festival Iberoamericano da Décima e o Verso Improvisado, celebrado no mes de Outubro en Canarias, onde expuxemos a difícil situación que atravesamos a Regueifa en Galicia, propóndolle ademais participar no chat de Regueifas, idea na que mostraron un grande interese e que se irá consolidando co paso do tempo. A raíz deste encontro, logrouse entrar na Organización Iberoamericana da Décima e o Verso Improvisado.

5ª EDICIÓN

Tras un paréntese dun par de anos, por motivos orzamentarios e de organización, volve a celebrarse a V Edición no ano 2.001 en Vigo, cas seguintes actividades

- Un taller de Regueifa promovido pola Federación de Veciños, cunha duración de 10 horas e que foi impartido por Luis Caruncho e no que se iniciaron unhas 8 persoas de distintas idades, que estaban interesadas nesta difícil disciplina.

Os asistentes a este taller tiveron ocasión de debutar en público o día 19 de Decembro pola mañan, no Auditorio do C.V.C.V., no que tamén fixeron unha pequena demostración os Regueifeiros:

- Calviño de Tallo (Bergantiños – Coruña)
- Suso de Xornes (Bergantiños – Coruña)
- Guillermo da Rabadeira (Bergantiños – Coruña)

- Luis “Caruncho” (Vigo- Pontevedra)
- Os verseadores
- Roberto Pérez “La explosión de Zaza” (Cuba)
 - Luis Paz “Papillo” (Cuba)
- O laudista
- Fernando “Murguita” (Cuba)
- O guitarrista
- José Luis Martín Teixe (Canarias)

Xa pola tarde e despois do acostumado xantar de confraternidade, desprazámonos ó Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde os músicos fixeron unha 1ª introducción para despois Guillermo da Rabadeira e máis Calviño deleitarnos cunha modalidade de Regueifa practicamente descoñecida, chamada “rezada” que roza casique a interpretación teatral, impresionante. A continuación regueifaron Xuso e Luis e para acabar os cubanos fixéronnos unha autentica exhibición de punto cubano con decimas brillantes e plenas de inxenio, para finalizar con seguidillas, pes forzados e outras desmstración de habilidades lingüísticas. O colofón foi un desafío galego – cubano que casique remata ás 12 da noite.

Ademais tivemos unha novidosa iniciativa, a Ciberregueifa. Este encontro pretendía unificar a improvisación tradicional coas novas tecnoloxías mediante un chat, no que entre as oito e as once da noite se amosou a agudeza e a creatividade dos participantes pero, nesta ocasión, por escrito. É a primeira vez que se organiza un ciberencontro deste tipo en Galicia.

6ª EDICIÓN

Este ano celebrouse o día 3 de agosto, dentro das Festas de Vigo. As actuación que se iniciaron as 21.00 horas tiveron lugar na remodelada praza do Berbés, desenvolvéndose nunhas boas condicións de son e infraestrutura, aínda que a esas horas o fresco era patente e co handicap de que o horario coincidiu coa actuación de Pablo Milanés en Castrelos, pese a todo acudiron unhas cen persoas a ver este espectáculo de desafío oral improvisado en verso.

Os participantes nesta 6ª edición foron por Galicia os seguintes Regueifeiros:

Antonio de Xornes (Bergantiños – Coruña), Paola Ganota (Carnota – Coruña), Fermín de Coristanco (Coruña) e Pinto d’Herbón (Padrón – Coruña)

A presentación abriuna Antonio e Fermín coa tonada tradicional da Comarca de Bergantiños, para posteriormente votarse sobre o escenario cada 20 minutos e rematar cunha “rezada” entre os que abriron o Certame. Cabe explicar que a rezada é unha modalidade na que os contendentes falan máis que cantan, apoiándose sobre todo nos xestos de cada un deles.

Deste ano o máis salientable é a presenza, por primeira vez enriba dun escenario, dunha moza Regueifeira a que si ben lle fallaba un pouco a técnica, esta carencia foi suplida polo seu desparpalo e ilusión por probar unha experiencia nova, xa que ela tamén ten un grupo de rap con outra moza galega, pero o importante é que para a Regueifeira isto supón a entrada dunha bocanada de aire fresco, ademais dun novo horizonte de posibilidades sobre todo temáticas.

En canto ós participantes foráneos foron os Bertsolaris vascos

Aitor Sarriegi (Guipuzcoa), Oyane Perea (Victoria – Alaba) e o traductor Xabier Pahia (Vizcaino). Estes improvisadores teñen un estilo bastante distinto do galego, aínda que coinciden no básico e o que si que o teñen moito máis traballado co noso, debido a que alí está moito máis desenvolvido e polo tanto isto permítelles plantexarlle ó público unha variedade de estilística e temática máis rica, aínda que sexa menos inmediata. De

tódolos xeitos, hai que recoñecer que os interpretes aínda que inxeniosos non era de primeira fila, xa que estes están moi reclamados en Euskadi nestas datas.

Como final de festa fíxose unha actuación conxunta galego-euskaldun que resultou máis interesante do previsto inicialmente e que foi moi do agrado do público asistente. Como colofón tivemos unha cea nas proximidades co ánimo de poder intercambiar experiencias sobre as respectivas modalidades de improvisación e tamén de poder aprender da súa organización, a nos luz da nosa.

BREVE MEMORIA DO VII CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

Co Certame de Regueifas preténdese recuperar unha tradición de cultura popular galega de carácter oral, pero tamén que ese acto sexa unha excusa para que toda a cidade de Vigo poida disfrutar dun evento que tende pontes entre a palabra, o humor, a improvisación nas súas distintas manifestacións artísticas e a poesía. Pois ben este ano por primeira vez podemos dicir que estivemos máis preto que nunca de conseguilo, xa que tivémola oportunidade de programar un abanico de actividades que recollían todas estas pretensións e as facían realidades palpables e visibles. É por esta razón que consideramos que si se confía e se aposta decididamente por este Certame estamos en condicións de organizar un evento en torno a palabra, a improvisación, a poesía, ..., que estea a altura de outros que xa se organizan por europa en diante o redor da oralidade. Unha vez dito isto pasamos a facer un pequeno percorrido polos distintos actos que tiveron lugar dentro deste Certame:

Día 1 de agosto (venres).

➤ Teatro improvisado.

Lugar: Praza da Constitución.

Participantes:

De Galicia:

- Fran Peleteiro (Vigo).
- Julián Rodríguez (Vigo).
- Nacho Ferreirón (Vigo).
- David Gundín (Vigo).

Do resto do Estado:

- Liga de improvisación Madrileña (3 actores).

Comentario:

Como xa dixemos a improvisación está presente en moitos campos e un deles é o Teatro (a Regueifa, de feito tamén ten unha compoñente teatral moi acusada). Cando se decidiu programar un día adicado o teatro improvisado, consideramos que xa que en Vigo, recentemente se puxo en marcha de forma experimental unha pequena liga de improvisación debíamos de aproveitar esa experiencia, e de feito puxémonos en contacto con eles e colaboraron con nós de forma decidida para que a montaxe resultase o máis exitosa posible. Desta mesma liga participaron catro actores que tiveron ocasión de mostrar as súas habilidades ante o numeroso público asistente (unhas 250 persoas aproximadamente) e tamén ente os convidades procedentes de Madrid. O respecto destes dicir que levan moitos anos traballando no Match da Improvisación e a boa fe que se lles nota, deixáronnos boquiabertos, creo que ninguén imaxinou que se puidera partir de tantas situacións dadas de xeito distinto para despois desenrolar de xeito improvisado unhas argumentacións / diálogos teatrais plenos de sentido. O acto desenvolveuse con normalidade e a xente pasou un rato agradable nese marco tan apropiado que é a Praza da Constitución.

Día 2 de agosto (sábado).

➤ Mostra de Regueifa e poesía oral improvisada.

Lugar: Praza da constitución.

Participantes:

- *Baile da Regueifa, coordinado por Albandeiro.*
- *Mozas de Regueifa (Vigo).*
- *Novos regueifeiros:*
 - Paco Barreiro (Vigo).
 - Benito Lobarriñas (Vigo).
- *Antonio de Xornes (Bergantiños).*
- *Xuxo de Xornes (Bergantiños).*
- *Marta Suint (Payadora arxentina).*
- *José Curbelo (Payador uruguaio).*
- *Pimienta.cu (compoñentes):*
 - Alexis Díaz-Pimienta (repentista—directora); Cuba.
 - José Yeray Rodríguez (repentista); Canarias.
 - José A. Roche (voz—actor); Cuba.
 - Fernando Murga “Murguita” (laúd—voz); Cuba.

Comentario:

Este día é o propio que lle da nome a todo o elenco de actividades programado e de aí que fóramos ambiciosos no plantexamento e foi así que convidamos a artistas de renome internacional conxuntamente cunha representación significativa dos mellores Regueifeiros do País.

Abrimos a xornada coa escenificación do baile da Regueifa por primeira vez nos 7 anos de Certame, a cargo do grupo Albandeiro maxistralmente dirixido por Luís Prego, que se prestou a colaborar desinteresadamente con nós.

Acto seguido, tivemos a un grupo de catro mozas que participaron nos obradoiros de Regueifa para alumnos da E.S.O. que promoveu o Concello de Vigo e que se animaron a dar cara por primeira vez diante do público, ofrecendo un bafío de esperanza para o futuro desta manifestación popular de carácter oral.

Tamén debutaron no Certame, dous novos Regueifeiros vigueses que xa fixeran uns bolos de rodaxe previo por distintos puntos da comarca, e que ademais tiveron unha atinada condución de todo este evento.

Ademais destes novos Regueifeiros participaron outros dous xa consagrados e que neste momento son os máximos expoñentes vivos da Regueifa tradicional galega da comarca de Bergantiños, Antonio e Xuxo de Xornes.

Acto seguido déuselle paso a representación internacional que correu a cargo do duo arxentino—uruguaio formado por Marta Suint e José Curbelo que recen chegados de Italia nos amosaron o seu son sudamericano.

Por último subiu ó escenario un dos máis grandes repentistas cubanos vivo, Alexis Díaz—Pimienta, poeta laureado e estudioso e teórico do arte repentista promotor e factótum dunha cátedra de estudos sobre poesía oral improvisada na Universidade da Habana, en Cuba. Neste caso este artista viu acompañado por un pequeno grupo no que destacaba un xoven improvisador canario que dará moito que falar no mundo da improvisación oral.

Como remate de festa houbo unha intervención conxunta entre tódolos improvisadores, que foi de moito agrado para as, o redor de 400 persoas que ateigaron a Praza da Constitución.

Día 3 de agosto (domingo).

➤ Hip—Hop, estilo libre (sesión de improvisación).

Lugar: Praza da Estrela.

Participantes:

De Galicia:

- David “hevi” (Santiago); de Non Residentz.
- Mon (Santiago).
- Pinto d’Herbón (Padrón).
- Paola Garota (Carnota) de As Garotas.
- El Puto Coke (Vigo).

Do resto do Estado:

- Satu (Sevilla); de SFDK.

O DJ sería para todos:

- Dj Óscar (Pontevedra).

Comentario:

Outros dos obxectivos que ten este Certame de Regueifas e amosar outras manifestacións máis actuais da cultura xuvenil que entoaron coa tradición Regueifeira, como é o rap. Foi así como artellamos esta xornada dedicada o estilo libre na que participaron rapeiros tanto galegos, coma de fora e que pese as nosas dúbidas iniciais foi un éxito rotundo e agardamos teña continuidade e unha maior proxección no futuro.

Dende logo este día foi unha das sorpresas agradables do Certame xa que foi un gustazo poder escoitar rimas en galego e castelán nos estilos persoais de cada un dos rimadores sobre as magníficas bases rítmicas que lles puxo o Dj Óscar, o Dj que substituiu a Dj Feel e que foi unanimemente loado por tódolos participantes.

Incluso o emprazamento foi un acerto xa que na Praza se reúnen numerosos patinadores amantes deste estilo de música que lle deron cor o recital. Foron así mesmo numerosos os curiosos que se achegaron ata alí a ver o resultado deste experimento, pasando por alí o longo das tres horas que durou o concerto máis de trescentas persoas.

Día 4 de agosto (luns).

➤ Cantigas de escarnio e maldicir.

Lugar: Praza da Constitución.

Participantes:

De Galicia:

- Paco Barreiro (Vigo).
- Mini e Mero (Lugo).
- Comparsa Xarángallo—Mángallo (Marín).
- Ana Pudor e Javi Abraira con HUMANA.

Comentario:

Programouse este día co ánimo de ofrecer unha variante de cantigas populares (de carácter oral ou non, máis ou menos tradicionais) de temática satírico—humorístico en forma de coplas que contou coa participación dun dos máis destacados grupos que interpretan coplas tradicionais de cego “Mini e Mero”, e unha das comparsas de entroido de maior tradición de Galicia que tiveron un éxito arrollador.

Este concerto foi seguido por un numeroso grupo de afeizoados (aproximadamente 200 persoas), que disfrutaron dun repertorio do máis enxeñoso e divertido que levantou numerosas gargalladas entre os asistentes.

Tamén é reseñable aparte das coplas do 1º integrante o atinado que resultou a programación do espectáculo casique cabaretero de Ana Pudor e Javier Abraza que puxo o colofón perfecto para o acto.

Día 5 de agosto (martes).

➤ Poesía con ironía (e enxeño).

Lugar: Verbum (casa das palabras).

Participantes:

De Galicia:

- Gonzalo Navaza (Vigo).
- Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo).
- Lino Braxe (A Coruña).
- Merz—Mail (Barcelona): Poesía dadaísta.

Comentario:

Este foi sen dúbida algunha o día máis sorprendente dos programados, e é que pese a ausencia de Antón Lopo (morreulle o pai o día anterior) e a que non sabíamos moi ben o que podía saír dese conglomerado de artistas, os presentes (unhas 100 persoas maiormente incondicionais que asistiron a maior parte dos actos do Certame) disfrutamos dunha velada inesquecible plena de sorpresas e de humor.

Dende que empezou Lino Braxe na compañía de César del Caño a guitarra coa súa poesía chea de forza, lirismo e humor, pasando por Alfonso Álvarez—Cáccamo cos seus textos de cociña de corte humorístico adobados de grandes doses de enxeño, continuando con Gonzalo Navaza sen dúbida algunha o máis grande poeta galego á hora de crear poesía partindo de todo tipo de restriccións lingüísticas que dan lugar a creacións desbordantes de imaxinación e como peche a todo este despliegue de fantasía e humor estivo un dos máis grandes intérpretes de poesía fonética e experimental do Estado que fixo un alarde vocal e interpretativo á hora de recitar a clásicos da experimentación verbal, do que aínda nos estamos recuperando.

E isto foi todo o que deu de si esta edición do VII Certame Internacional de Regueifas (o que quizais sexa axeitado mudarlle o nome por outro que reflexe de xeito máis apropiado o contido tan variopinto do mesmo) na que observamos a creación dun pequeno grupo de seguidores que asistiron practicamente a tódolos actos programados, no que cabe destacar o seguimento que fixo a prensa do seu desenvolvemento (A Voz de Galicia tivo a Camilo Franco presente os cinco días), sendo así mesmo reseñable o bo ambiente e convivio que se estableceu entre participantes e público.